

PLAN DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN 2026 – OPP95

Os Plans de Producción e Comercialización (PPeC) son un instrumento das organizacións de produtores para desenvolver a súa produción e adaptala ás esixencias do mercado no marco da Organización Común de Mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.

Cada PPeC desenvolve unha estratexia organizada en medidas orientadas á consecución dos obxectivos establecidos para as organizacións de produtores pesqueiros no marco da normativa europea.

A Organización de Produtores Pesqueiros de Noia (OPP95) ten aprobado o seu Plan de Producción e Comercialización para o período 2026, mediante Resolución da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O PPeC 2026 da OPP95 inclúe as seguintes medidas:

1. Medidas de apoio e asesoramento aos produtores

- 202695S3M01 – Asesoramento aos produtores en Prevención de Riscos Laborais.
- 202695S3M02 – Asistencia a reunións, xornadas e convocatorias.

2. Coñecemento e mellora da produción

- 202695S3M03 – Estudo anual de fitoplancto e factores ambientais para optimizar a extracción do berberecho de Noia e mellorar o seu valor comercial.

3. Vixilancia e control dos bancos marisqueiros

- 202695S3M04 – Plan de vixilancia, control e seguimento dos bancos marisqueiros.

4. Comercialización, comunicación e promoción

- 202695S3M05 – Plan de marketing e comunicación 360 de OPPNOIA en mercados obxectivo.

5. Contribución á eliminación das prácticas de pesca INDNR

- 202695S3M06 – Incorporación de visores nocturnos e dotación de medios para a vixilancia INDNR en condicións de baixa luminosidade nos bancos marisqueiros.

6. Promoción dos produtos da OPP

- 202695S3M07 – Promoción de produto OPPNOIA.

7. Estudos e control a través de laboratorio

- 202695S3M08 – Estudos a través de laboratorio.

8. Recuperación de especies e ecosistemas mariños

- 202695S3M09 – Xestión da Instalación para a Recuperación de Especies e Ecosistemas Mariños: optimización do cultivo larvario e mellora xenética de bivalvos (desenvolvemento de novos procesos e produtos; piloto da navalla).

9. Mellora das condicións de comercialización

- 202695S3M10 – Punto de Venda Directa.
- 202695S3M11 – Exaltación do Berberecho de Noia.

10. Medidas para adaptar a oferta de determinadas especies

- 202695S4M01 – Campaña de promoción e valorización do berberecho de 4ª.

 XUNTA DE GALICIA	 Cofinanciado pola Unión Europea
Proxecto: Plan de Producción e Comercialización 2026 da Organización de Produtores Pesqueiros de Noia - OPP95 Operación cofinanciada ao 70% pola Unión Europea Programa Operativo: Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 Prioridade: Fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo as á seguridade alimentaria na Unión.	

